

ROTEIRO POR CHANTADA

Vides, adegas e batuxos



Iniciaremos o roteiro na **Adega dos Contos**, fronte á ferverza do río Asma, unha adega tradicional onde as haxa. Neste lugar recrearemos o **rito das “dez”**, comida asociada ao duro traballo da viticultura: podas,



atas, vendima, etc. Aproveitaremos o lugar para escoitar tamén algunhas **historias de xacias** (seres máxicos que habitan nos ríos) da man do recoñecido contacontos Anxo Moure. Seguiremos camiño polas ribeiras do Miño ata chegar a Belesar. Aquí teremos ocasión de coñecer de primeira man o oficio de barqueiro ao pé nunha tradicional “barca de paso” (chamada batuxo nalgúns lugares). Tomando o camiño romano de Belesar remataremos o roteiro na zona vella de Chantada. Esta vía correspóndese cun tramo do **Camiño de Inverno**, variante do Camiño Francés empregado polos peregrinos que queren evitar os cumios nevados do Cebreiro. A barca da fotografía foi a última feita no Miño polo carpinteiro Pedro, recentemente falecido.

Lonxitude: 10 km. Dificultade media

DOMINGO, 26 DE MARZO DE 2017

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

*Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.
O bo humor é cousa de tod@s*

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

23 Abril: Ferrarías e fornos – A Pontenova
21 Maio: A vida comunal – Negueira de Muñiz
18 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal

